

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, fíxase o período voluntario de cobramento dende o día 28 de maio de 2019 ata o día 29 de xullo de 2019, ambos os dous inclusive.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 13 de maio de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1409

## O CORGO

### Anuncio

**Fanse públicas as BASES PARA CUBRIR, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, aprobadas por Resolución da Alcaldía do 6 de maio de 2018**

#### PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS

**1.1. Obxecto:** Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de funcionario de carreira para cubrir unha praza da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, posto de traballo Arquitecto técnico a media xornada, vacante na relación de postos de traballo desta Corporación, incluída na oferta de emprego público, aprobada por Resolución da alcaldía de 29 de xaneiro de 2018.

Así mesmo, o presente procedemento selectivo servirá de bolsa para futuros nomeamentos de funcionarios interinos, nos supostos establecidos no Art 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e nos termos establecidos na base novena.

**1.2. Normas de aplicación:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no no previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables.

**1.3. O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre.**

**1.4. A presente convocatoria e bases publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e da sede electrónica do Concello do Corgo ([concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal), respectivamente). O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente tamén se publicarán nos citados medios.**

#### SEGUNDA.-CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, FUNCIÓN S E INCOMPATIBILIDADES

**2.1.-** A praza de arquitecto técnico atópase encadrada no Grupo A, Subgrupo A2 (Artigo 76 e Disposición Transitoria Terceira Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), Escala de Administración Xeral, Subescala Arquitecto técnico (artigos 167 e seguintes do RDL 781/1986, de 18 de abril). Está dotada no Orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 22 do TREBEP.

#### 2.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional desta praza e a súa extensión consistirá na realización das funcións propias da subescala, clase e categoría na que se encadra.

O candidato que supere a oposición tomará posesión no posto de traballo vacante (arquitecto técnico) dentro da ÁREA de Administración Especial que figura na relación de postos de traballo de persoal desta corporación coa clase de funcionario de carreira.

### 2.3.- INCOMPATIBILIDADES

O aspirante que obteña a praza á que se refire esta convocatoria estará sometido ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes)

### TERCEIRA.- CONDICIÓNNS OU REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e Art 50 e 52 da LEPC, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

#### a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Idade: ter cumplidos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: posuir o título de arquitecto técnico ou grado nunha titulación que habilite para a o ejercicio da profesión de arquitecto técnico na data en que remate o prazo de presentación de instancias (la Orden ECI/3855/2007, de 27 de diciembre, establece los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de la profesión de Arquitecto Técnico) ou título equivalente para o ejercicio da profesión de arquitecto técnico.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá de estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

### CUARTA. SOLICITUDES

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de O Corgo.

Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica do concello, no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da LPAC. No obstante, recordase que áinda non todas as Administracións Públicas están integradas no Sistema de Integración de Rexistros.

4.2 Ás solicitudes achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

a) Declaración na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3<sup>a</sup>, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, os aspirantes comprométense

no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril. Esta declaración queda incorporada ó modelo de solicitude.

b) Documentación fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 4 (ou curso de iniciación á lingua galega)

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ao superior ao 33% **deberán indicalo expresamente na na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañánndoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

#### QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 10 días naturais, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, sinalándose un prazo de dez (10) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outono, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en sucesivas citas LPAC), para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desdea mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulta que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Na resolución pola que se publicarán as listas definitivas se indicarán os candidatos que estean eximidos da obriga de realizar o exercicio de coñecemento do galego.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación. Os candidatos autorizan o tratamento deste datos para a finalidade indicada.

#### SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente e outro coma secretario do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web.

Consonte ao establecido no devandito Art. o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: un funcionario de carreira pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario: o da Corporación.

Vogais: tres funcionarios de carreira públicos pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferencia de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar. Na resolución que nomee aos membros do Tribunal indicarase o prazo máximo en que debe constituirse este órgano.

Os membros dos tribunais deberán abstenerse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outono, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles alguma das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outono, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co Vº do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concordancia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

Aos efectos da percepción das asistencias ao tribunal se clasifica a éste órgano como de categoría segunda das contempladas no Art. 30 do citado Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzcan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que o exercicio da fase de oposición, agás naqueles casos nos que estea prevista a lectura pública, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados, excluíndo aqueles candidatos en cuios exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

## SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O primeiro exercicio realizarase **no prazo máximo de 120 días naturais** desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con cinco días naturais de antelación, como mínimo, o seu comezo, na páxina web do concello, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e tamén na citada páxina web.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas e máximo de corenta días naturais.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuizo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requeridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para que aqueles aspirantes que teñan alguma discapacidade que dificulen o desenvolvemento das probas gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Para isto cómpre que os aspirantes indiquen na solicitude de participación no proceso selectivo o tipo e grao de discapacidade e, polo tanto, con carácter previo as adaptacións que estime necesarias o tribunal de selección.

Cada opositor poderá obter copia de cada un dos exercicios realizados ao seu remate.

## OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre.

A oposición constará dos seguintes exercicios:

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá na **exposición oral**, de **dous temas** pertencentes á **Parte xeral**, nun tempo máximo de dez minutos cada tema. Para estes efectos os aspirantes poderán dedicar ata un máximo de cinco minutos para preparar unha minuta ou esquema da súa exposición oral.

Valorarase os coñecementos, formación xeral, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición, e a compresión da materia.

A tal efecto, os membros do Tribunal poderán formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita avaliar axeitadamente os criterios de valoración indicados no parágrafo anterior.

O Tribunal determinará, dentro da súa discrecionalidade técnica, o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima podendo decidir a retirada dos candidatos se apreciara unha manifesta deficiencia na exposición, deixando constancia na acta que se levante de cada sesión.

O Tribunal non poderá valorar a exposición de aqueles opositores que deixaran de expoñer algúns dos temas.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos. A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal.

#### **SEGUNDO EXERCICIO:** De carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá na **exposición oral**, durante un período máximo de **dez minutos cada tema, tres temas** elixidos a o chou de entre os comprendidos na parte especial do temario desta convocatoria. Para estes efectos os aspirantes poderán dedicar ata un máximo de dez minutos para preparar unha minuta ou esquema da súa exposición oral.

Valorarase os coñecementos, formación xeral, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición, e a compresión da materia.

A tal efecto, os membros do Tribunal poderán formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita avaliar axeitadamente os criterios de valoración indicados no parágrafo anterior.

O Tribunal determinará, dentro da súa discrecionalidade técnica, o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima podendo decidir a retirada dos candidatos se apreciara unha manifesta deficiencia na exposición, deixando constancia na acta que se levante de cada sesión.

O Tribunal non podrá valorar a exposición de aqueles opositores que deixaran de expoñer algúns dos temas.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos. A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal.

#### **TERCEITO EXERCICIO:** obligatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver por escrito un suposto ou varios supostos prácticos, a decisión do Tribunal, sobre a parte específica do programa. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de catro horas

Para o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán fazer uso dos textos lexislativos dos que acudan provistos, excepto textos comentados, libros de formularios ou formatos dixitais. Este exercicio poderá ser lido ou exposto públicamente se así o acorda o Tribunal, que poderá entrevistar aos aspirantes sobre as materias obxecto dos exercicios expostos e pedirles explicacións complementarias ao respecto.

Valorarase a capacidade de raciocinio, a sistemática na elaboración e formulación de conclusóns e o recoñecemento e axeitada interpretación da normativa aplicable.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter a nota mínima de 5 puntos. A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web municipal.

**CUARTO EXERCICIO:** obligatorio e eliminatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 4 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Consistirá en dúas probas:

**Primeira proba:** consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteio de entre dous textos propostos polo tribunal.

**Segunda proba:** consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización das dúas probas, en que consiste este exercicio, será dunha hora e media.

Neste exercicio valorarase a correcta expresión gramatical e ortográfica, que acredeite a competencia dos opositores nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a execución deste exercicio, o opositor non poderá utilizar diccionarios, nin libros de gramática.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto en cada unha das probas.

Cada unha das probas de que consta este cuarto exercicio caloificarse como apto ou non apto. Para obter superar este exercicio será preciso opter a calificación de apto en cada unha das probas en que consiste.

#### **NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.**

O resultado final da oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas nos **tres primeiros exercicios**.

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resloverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación más alta no primeiro exercicio da oposición e se persistise pola puntuación obtida no segundo exercicio. Se continuase o empate decidirase a favor do candidato que obtivese maior puntuación no terceiro exercicio, e de no lograr o desempate, decidirase ao chou.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das notas obtidas polos aspirantes, que superaran os catro exercicios, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá o nomeamento como funcionario de carreira ao candidato aprobado con maior puntuación. Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde.

A publicación se realizará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao da única praza que se convoca con dotación orzamentaria.

Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura da praza vacante convocada, cando se produza renuncia dos aspirante seleccionado ou no suposto de que non presente a documentación esixida na base décima antes do seu nomeamento ou non o faga no plazo establecido, o órgano convocante poderá nomear como funcionario ao seguinte aspirante que lle siga en puntuación ao proposto polo tribunal.

A devandita relación complementaria tamén servirá para constituir unha bolsa cos aspirantes que obtiveran a maior puntuación, para futuros nomeamentos de funcionarios interinos do mesmo subgrupo de clasificación profesional, nos supostos establecidos no Art. 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

#### **DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos seguintes:

1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co original para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredeite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4.- Título esixible na base terceira: arquitecto técnico ou grado en arquitectura técnica, conforme a lo establecido no Real Decreto 1393/2007, de 29 de decembro, polo que se establece a ordenación de ensinanzas universitarias e a Orde ECI/3855/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto técnico, ou título equivalente para o exercicio da profesión de arquitecto técnico

5.-Declaración xurada de non atoparse incuso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente referido ao momento da súa toma de posesión.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, o seleccionado non poderá ser nomeado funcionario e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato, procedéndose a nomear ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsedad na solicitude de participación.

#### **UNDÉCIMA. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento, a favor do candidato proposto, como funcionario no prazo máximo dun mes, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A toma de posesión deberá realizarse no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

O nomeamento será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento.

No acto de toma de posesión, o funcionario nomeado deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incuso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e prestar xuramento ou promesa dacordo co que determina o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

#### **DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcorrerá un mes desde o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outono, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa

#### **ANEXO I TEMARIO**

##### **A- Parte xeral**

1.-La Constitución española de 1978. Características. Estructura y contenido esencial. La constitucionalización del principio de estabilidad presupuestaria. La reforma constitucional.

2.- Los derechos y deberes fundamentales. Protección y suspensión de los derechos fundamentales.

3.- El Poder Legislativo. Las Cortes Generales. Composición y funciones. Regulación y funcionamiento de las Cámaras: los Reglamentos Parlamentarios. El Defensor del Pueblo. El Tribunal de Cuentas.

4.- El Gobierno en el sistema constitucional español.: Composición y organización, funciones. El presidente del Gobierno: Nombramiento, cese, naturaleza, funciones. El control parlamentario.

5.- Estatuto de Autonomía de Galicia.

6.- Las fuentes del Derecho local. Regulación básica del Estado y normativa de las comunidades autónomas en materia de régimen local. La incidencia de la legislación sectorial sobre el régimen local. La potestad normativa de las entidades locales. Reglamentos y ordenanzas: Procedimiento de elaboración. El reglamento orgánico. Los bandos.

7.- La organización municipal. Órganos necesarios: el Alcalde, Tenientes de Alcalde, el Pleno y la Junta de Gobierno Local. Órganos complementarios: comisiones informativas y otros órganos. Los grupos políticos y los concejales no adscritos. La participación vecinal en la gestión municipal. El concejo abierto. Otros regímenes especiales. Especialidades del régimen orgánico - funcional en los municipios de gran población.

8.- Régimen de sesiones y acuerdos de los órganos de gobierno local. Actas, certificaciones, comunicaciones, notificaciones y publicación de los acuerdos.

9.- Las formas de acción administrativa de las entidades locales. La actividad de policía: la intervención administrativa local en la actividad privada. Las autorizaciones administrativas: sus clases. El régimen de las licencias. La comunicación previa y la declaración responsable.

10.- El acto administrativo. Elementos del acto administrativo. Clases de actos administrativos. Requisitos de los actos administrativos: la motivación y la forma.

11.- La eficacia de los actos administrativos: el principio de autotutela declarativa. Condiciones. La notificación. La publicación. La demora y retroactividad de la eficacia. La ejecutividad de los actos administrativos. La coacción administrativa directa. La vía de hecho.

12.- Disposiciones generales sobre el procedimiento administrativo. Iniciación del procedimiento: Clases, subsanación y mejora de solicitudes, presentación de solicitudes, escritos y comunicaciones. Desarrollo del procedimiento: ordenación e instrucción.

13.- Terminación del procedimiento. La obligación de resolver. Contenido de la resolución expresa. Terminación convencional. Falta de resolución expresa. Desestimiento y la renuncia. La caducidad. La tramitación simplificada.

14.- Los contratos del sector público. Objeto y ámbito de la Ley de contratos del sector público. Tipos de contratos del sector público. Contratos sujetos a regulación armonizada. Régimen jurídico de los contratos administrativos y los de derecho privado. Los principios generales de la contratación del sector público.

15.- Las partes en los contratos del sector público. Los órganos de contratación. La capacidad y solvencia de los contratistas. Prohibiciones. Clasificación. La sucesión del contratista.

16.- Preparación de los contratos por las Administraciones públicas. El precio, el valor estimado. La revisión de precios. Garantías exigibles en la contratación del sector público. Pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas. Fases de la contratación.

17.- El contrato de obras. Actuaciones administrativas preparatorias. Formas de adjudicación. Ejecución, modificación y extinción. La cesión del contrato y subcontrato de obras. Ejecución de obras por la propia Administración.

18.- El Derecho financiero: concepto y contenido. La Hacienda Local en la Constitución. El régimen jurídico de las Haciendas Locales: criterios inspiradores del sistema de recursos y principios presupuestarios.

## **B.- Parte específica**

1.- Evolución del urbanismo en España. Aspectos generales. Distribución de competencias en materia de urbanismo.

2.- Régimen urbanístico del suelo. El Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana.

3.- La Ley 2/2016 del suelo de Galicia: principios inspiradores, principios generales, objeto de la ley, aspectos de la función urbanística.

4.- El Régimen transitorio en el derecho urbanístico gallego posterior a la Ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia.

5.- Medidas provisionales de ordenación urbanística. Proyectos públicos de urgencia o excepcional interés.

6.- Planeamiento urbanístico en la Ley 2/2016 del suelo de Galicia. Clases de instrumentos de ordenación. El planeamiento urbanístico supramunicipal.

7.- Plan Básico Autonómico y los Planes básicos municipales.

8.-El Plan General de Ordenación Municipal: objeto, determinaciones, documentación.

9.- Planes Parciales: Objeto, determinaciones, documentación.

10.- Planes Especiales: Finalidades. Planes especiales de protección , planes especiales de reforma interior, planes especiales de infraestructuras y dotaciones.

11.- Otras figuras de planeamiento: Estudios de detalle. Delimitaciones del suelo de núcleo rural. Catálogos.

12.-Formulación, tramitación y aprobación del planeamiento urbanístico.

13.- La vigencia y revisión de los planes. Modificación. Efectos de la aprobación de los planes.

14.- Suelo urbano y suelo urbanizable.

15.- Suelo urbanizable

16.- Suelo de núcleo rural

17.- Suelo rústico.

- 18.- Ejecución del planeamiento en la Ley 2/2016, del suelo de Galicia, finalidades, competencias, presupuestos de ejecución. Ejecución y conservación de obras de urbanización: proyectos de urbanización.
- 19.- Áreas de reparto y polígonos.
- 20.- Distribución justa de cargas y beneficios Sistemas de actuación: clases, elección. Normalización de fincas.
- 21.- Sistema de cooperación.
- 22.- Sistema de expropiación.
- 23.- Sistema de compensación.
- 24.- Sistema de concierto. Convenios urbanísticos.
- 25.- Obtención de sistemas generales y dotaciones públicas.
- 26.- Expropiación forzosa en el urbanismo.
- 27.- Instrumentos de incidencia en el mercado inmobiliario. Patrimonio público del suelo. Derecho de superficie.
- 28.- La participación de las entidades locales en la política de la vivienda. Las políticas municipales del suelo y viviendas de protección pública. Patrimonio municipal del suelo como instrumento de gestión en la promoción de viviendas de protección pública.
- 29.- Títulos habilitantes de naturaleza urbanística. El deber de obtener licencia o presentar comunicación previa.
- 30.- Procedimiento y competencia en la intervención administrativa en la edificación y uso del suelo.
- 31.- Licencias y ejecución del planeamiento. Plazos para la ejecución, vigencia de los títulos habilitantes de naturaleza urbanística. Los efectos del silencio.
- 32.- Deber de conservación y ruina. Declaración de ruina.
- 33.- Parcelaciones urbanísticas.
- 34.- Disciplina urbanística. Protección de la legalidad urbanística.
- 35.- Infracciones urbanísticas y sanciones.
- 36.- Delitos urbanísticos.
- 37.- La responsabilidad patrimonial en el marco del urbanismo.
- 38.- Ordenación del territorio: principios generales, distribución de competencias, legislación autonómica.
- 39.- Aspectos urbanísticos en la legislación en materia de aguas y carreteras.
- 40.- Los Bienes de Interés Cultural en la legislación sobre patrimonio.
- 41.- Patrimonio arquitectónico en la legislación autonómica sobre patrimonio.
- 42.- El proyecto de edificación. Visado colegial.
- 43.- Las competencias municipales en materia de protección del medio ambiente. Distribución de competencias. Parques y jardines. Espacios naturales protegidos.
- 44.- La protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas. Gestión de residuos. Abastecimiento de agua y tratamiento de aguas residuales. Competencias municipales.
- 45.- Ley 9/2013 de emprendimiento y competitividad y su desarrollo reglamentario. Ley 12/2012 medidas urgentes de liberalización del comercio y de determinados servicios.
- 46.- El proceso edificatorio en la Ley 38/1999 de ordenación de la edificación.
- 47.- El Código Técnico de la Edificación: Objeto. Ámbito de aplicación. Condiciones generales para el cumplimiento del CTE. Exigencias básicas. Condiciones del proyecto. Contenido del proyecto.
- 48.- El Decreto 29/2010 de Habitabilidad de viviendas de Galicia.
- 49.- Valoraciones urbanísticas y expropiatorias. Regulación contenida en el texto refundido de la Ley del suelo y en el Reglamento de valoraciones
- 50.- El Plan General de Ordenación Municipal de O Corgo. El suelo de núcleo rural. Normas complementarias del PGOM. Vigencia, revisión, indeterminaciones del P G O M.
- 51.- Planes y proyectos sectoriales de incidencia supramunicipal. Áreas empresariales.

**ANEXO II****MODELO DE SOLICITUDE.**

D/Dona ..... co D.N.I. núm. ..... e con  
endereço a efecto de notificacións en ..... teléfono.....,  
correo electrónico.....,

enterado da convocatoria para cubrir unha praza de arquitecto técnico mediante oposición libre, publicada no BOP núm. ..... de data.....

**DECLARA:**

- 1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- 2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.
- 3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado a prestar xuramento ou promesa, segundo o establecido no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, e aportar a documentación exixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.
- 4º.- Que queda enterado da lexitimación do Concello do Corgo para a tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na páxina súa web e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 5º.- Que declara baixo xuramento ou promete, para os efectos de ser nomeado funcionario de carreira da escala de administración xeral, subescala de arquitecto técnico, grupo A, subgrupo A2, que non foi separado do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda)

-fotocopia compulsada da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente (curso de iniciación ao galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificado acreditativos dos niveis decoñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

-declaración de que non teño acreditado a posesión de CELGA 4 ou equivalente.

**En vista do que SOLICITA:**

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión da praza sinalada.

En O Corgo, .....de.....de 201...

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

(Nota: No suposto de que o candidato que solicite participar no proceso selectivo teña alguma discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalgunha medida especial -que non lle inhabiliten para o exercicio das función descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que a chegará coa solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grao e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas.)